

PROVIDENCIA DA ALCALDÍA

INICIO DE OFICIO DE EXPEDIENTE DE CONCURSO PÚBLICO PARA O ARRENDAMENTO DE LOCAL

O Concello de Marín dispón dunha edificación, adaptada para servizo de bar-restaurante, sita no Paseo Marítimo da Praia de Portocelo.

Esta Alcaldía considera oportuno proceder a realizar unha licitación para que un adxudicatario explote a referida instalación en réxime de alugueiro, coa finalidade de poder ofrecer un servizo de bar-restaurante no entorno da Praia de Portocelo de Marín.

Así mesmo, considérase convinte un prazo de alugueiro de **DOUS (2) ANOS**, prorrogable por outras dúas anualidades.

Polo que esta Alcaldía,

DISPÓN:

Primeiro. Iniciar o expediente para a adxudicación mediante concurso público do alugueiro do ben inmovible, consistente no local sito no vial de praias de Marín, á altura da praia de Portocelo, debido a necesidade de poder ofrecer ós visitantes e usuarios o paseo un servizo de cafetería-restaurante neste idílico entorno de ocio e lecer.

Segundo. A adxudicación levarase a cabo polo procedemento aberto.

Terceiro. Que polos Servizos Técnicos do Concello sexa redactada a documentación que regulará a instalación e a ocupación do inmovible (superficie aprox., usos, valoración etc.).

En cumprimento do artigo 84 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RB), dito proxecto haberá de conter:

- Memoria xustificativa.
- Planos representativos da situación, dimensións e demais circunstancias da porción de dominio público obxecto de ocupación.
- Orzamento.
- Prego de Condicións que deben rexer para o alugueiro.

Cuarto. Que polos Servizos Técnicos do Concello se elabore proposta de prego que debe rexer o contrato e o proceso de adxudicación.

Quinto. Que por Secretaría sexa emitido informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir, coa proposta de resolución que corresponda.

Sexto. Que pola Intervención do Concello de Marín se fiscalice o expediente unha vez concluída a súa tramitación.

Marín, na data da sinatura electrónica

A Alcaldesa-Presidenta

María Ramallo Vázquez

(DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE)

| | | |
|--|---|--|
| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80012CAFF00K4X8C8S3G7R6 en https://sede.concellodemarín.es | FIRMANTE - FECHA | EXPEDIENTE : 2024SE068-003 |
| | MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 04/03/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/03/2024 16:30:07 | Fecha: 19/01/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL |